



ANUNCIO.

CONVOCATORIA E BASES ESPECÍFICAS PARA O PROCESO SELECTIVO AO OBXECTO DE CUBRIR DOUS (2) EMPREGOS DE “OPERARIO-CONDUTOR” CATEGORIA OFICIAL DE PRIMEIRA PARA O SERVIZO DE MANTEMENTO DE VÍAS MUNICIPAIS SUBVENCIONADO AO ABEIRO DO CONVENIO DE COLABORACIÓN TIPO ENTRE A EXCMA DEPUTACIÓN DE LUGO E O CONCELLO DE O VALADOURO PARA A EXECUCIÓN DE OBRAS, SERVIZOS E CREACIÓN DE EMPREGO AO ABEIRO DO “PROGRAMA DEPUEMPREGO”.

No Boletín Oficial da Provincia número 077 de data 5 de abril de 2016 publicáronse as Bases Xerais polas que se establecen as normas para a selección de persoal de carácter temporal, para prestar servizos ao Concello de O Valadouro (cota xeral ou cota de discapacitados). Por medio do presente anuncio faise pública a convocatoria e as bases específicas para o proceso selectivo ao obxecto de cubrir con carácter provisional, de dous (2) empregos de “operario-condutor” categoría oficial de primeira para o servizo de mantemento de vías municipais subvencionado ao abeiro do convenio de colaboración tipo entre a Excmá Deputación de Lugo e o Concello de O Valadouro para a execución de obras, servizos e creación de emprego ao abeiro do “programa depuemprego” aprobada por acordo da Xunta de Goberno Local adoptado na súa sesión extraordinaria celebrada o día 15 de marzo de 2017 co seguinte contido integro:

BASES ESPECÍFICAS PARA O PROCESO SELECTIVO AO OBXECTO DE CUBRIR, DOUS (2) EMPREGOS DE “OPERARIO-CONDUTOR” CATEGORIA OFICIAL DE PRIMEIRA PARA O SERVIZO DE MANTEMENTO DE VÍAS MUNICIPAIS SUBVENCIONADO AO ABEIRO DO CONVENIO DE COLABORACIÓN TIPO ENTRE A EXCMA DEPUTACIÓN DE LUGO E O CONCELLO DE O VALADOURO PARA A EXECUCIÓN DE OBRAS, SERVIZOS E CREACIÓN DE EMPREGO AO ABEIRO DO “PROGRAMA DEPUEMPREGO”.

1.- OBXECTO DA BASES ESPECÍFICAS: Selección de Persoal Laboral Temporal ó abeiro do artigo 15.1.a) do Real Decreto Lexislativo 1/1995, de 24 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores.

2.- RELACIÓN XURÍDICA: Persoal Laboral temporal (contrato de obra ou servizo determinado)

3.- CARACTERÍSTICAS DO POSTO DE TRABALLO:

3.1.- DENOMINACIÓN DO POSTO DE TRABALLO: Operario-Condutor.

3.2.- GRUPO DE COTIZACIÓN: 8

3.3.- CATEGORIA PROFESIONAL: Oficial de Primeira.



3.4.- TIPO DE XORNADA: Xornada completa (37,5 horas semanais, segundo se reflicte no convenio colectivo de condicións de traballo do persoal laboral do Concello do Valadouro).

3.5.- RETRIBUCIÓNS: O/A Aspirante seleccionado/a percibirá as retribucións establecidas no convenio colectivo para a regulación das condicións de traballo do persoal laboral ó servizo do concello de O Valadouro co seguinte desglose bruto mensual:

- a) Salario Base: 688,95 €
- b) Complemento Salarial: 281,53 €
- c) Parte proporcional Paga Extra: 114,82 €.

4.- ADSCRICIÓN: Ó servizo municipal de vías e obras, servizo de prestación obrigatoria en tódolos municipios en virtude do establecido no artigo 26.1a) da Lei 7/85 de 2 de abril Reguladora das Bases de Réxime Local. A cobertura realizase con carácter excepcional por considera-la urxente e inaplazable dentro do convenio de colaboración tipo asinado entre a Excmá Deputación de Lugo e o Concello de o Valadouro para a execución de obras, servizos e creación de emprego ao abeiro do “PROGRAMA DEPUEMPREGO”.

5.- FUNCÍONS DO POSTO DE TRABALLO:

Manexo da maquinaria necesaria para a realización de operacións de mantemento e conservación da rede viaria municipal.

6.- DURACIÓN DO CONTRATO: 5,5 meses a contar dende a sinatura do contrato, sendo a data prevista de inicio o día 1 de maio de 2017.

7.- REQUISITOS INDISPENSABLES.

- a) Estar en posesión do Certificado de escolaridade, certificado de estudos primarios ou equivalente.
- b) Xunto coa solicitude no modelo oficial e demais documentación establecida na Base 5 das bases xerais polas que se establecen as normas para a selección de persoal, de carácter temporal, para prestar servizos ao Concello de O Valadouro (cota xeral ou cota de discapacitados) o/a aspirante deberá presentar coa solicitude de participación copia cotexada da seguinte documentación:
 - a. Permiso de conducir clase C.
 - b. Certificado de aptitude profesional (CAP) no caso de ser obrigatorio de conformidade co réxime transitorio establecido na Disposición Transitoria Segunda do Real Decreto



1032/2007, de 20 de xullo, polo que se regula a cualificación inicial e a formación continua dos condutores de determinados vehículos adicados ó transporte por estrada.

Non poderán participar na presente convocatoria aquelas persoas que teñan prestado servizos no Concello de O Valadouro con carácter temporal por un período de 18,5 meses nos últimos 24,5 meses, con independencia de que a relación laboral tivera ou non continuidade en dito período.

8.- NIVEL DE GALEGO ESIXIDO: CELGA 2.

9.- SISTEMA SELECTIVO: CONCURSO-OPOSICIÓN

Valorarase cun máximo de 60 puntos, sendo a puntuación mínima para superar esta fase 35 puntos.

Constará das seguintes probas:

9.1.1.- Proba de coñecementos xerais e específicos.

Esta proba terá carácter teórico e a súa finalidade é que os aspirantes poidan amosar os seus coñecementos sobre as materias comúns e as materias específicas contidas no programa incluído nestas Bases.

Dita proba consistirá en contestar por escrito un cuestionario con 25 preguntas tipo test, con tres respostas alternativas nun tempo máximo de 15 minutos elaborado polo Tribunal previamente antes da súa realización en relación cos temas contidos no apartado de materias comúns e específicas do temario do programa de acceso.

A puntuación deste exercicio é de 0 a 15 puntos sendo o criterio de corrección o seguinte: por cada pregunta respostada correctamente obtérase unha puntuación de 0,60 puntos namentras que por cada pregunta non respostada descontárase unha puntuación de 0,20 puntos.

9.1.2.- Proba práctica.

Consistirá nunha proba que permita valorar a aplicación dos coñecementos e capacidades dos/as aspirantes a un suposto concreto, así como coñecer as súas habilidades e destrezas. Esta proba práctica simulará un suposto que poida darse no desempeño dos postos que se convocan e poderá consistir na realización



material desta ou na indicación do itinerario a seguir (fases, trámites, solucións a problemas etc.) para a súa realización, ou ben, materializando ou sinalando algunha destas fases.

Esta proba é obrigatoria cualificándose ata un máximo de 45 puntos.

9.1.3.- Proba de Galego.

O artigo 51.2 da Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia establece que:

“[...], para darlle cumprimento á normalización do idioma galego nas Administracións Públicas de Galicia e para garantir o dereito ao uso do galego nas relacións coas Administracións Públicas no ámbito da Comunidade Autónoma, así como a promoción do uso normal do Galego por parte dos poderes públicos de Galicia, nas probas selectivas que se realicen para o acceso aos postos das Administracións Públicas incluídas no ámbito de aplicación desta lei incluírase un exame de galego, agás para aquelas persoas que acrediten o coñecemento da lingua galega consonte a normativa vixente. As bases das convocatorias dos procesos selectivos establecerán o carácter e, se é o caso, a valoración do coñecemento da lingua galega.”.

A proba consistirá na tradución dun texto en castelán para o galego ou en galego para o castelán.

Esta proba é obrigatoria e eliminatoria e cualificarase con apto ou non apto.

Os/as aspirantes que acrediten posuír con anterioridade ao día en que remate o prazo de presentación de solicitudes o nivel de galego esixido nas Bases específicas non terán que realizar esta proba.

9.1.4.- Adaptación de probas aos aspirantes que acrediten unha discapacidade igual ou superior ao 33%.

Aqueles aspirantes con discapacidade que se presenten á cota xeral ou a cota reservada a discapacitados poderán solicitar as adaptacións e axustes razoables e necesarios de tempo e medios para a realización das probas, debendo facelo constar na solicitude.

Estas adaptacións realizaranse conforme ao establecido na Orde 1822/2006, de 9 de xuño pola que se establecen criterios xerais para a adaptación de tempos adicionais nos procesos selectivos para o acceso ao emprego público de persoas con discapacidade.



9.2.- FASE DE CONCURSO.

Rematada a fase de oposición, procederase a realizar a fase de concurso aos/ás aspirante/s que superasen a puntuación mínima para superar a fase de oposición.

9.2.1.- Baremo de méritos. O Tribunal puntuará os méritos acreditados polos aspirantes, segundo se determina no apartado 5.3 das Bases xerais, conforme ao sinalado no presente baremo:

A) Experiencia profesional.

Valorarase a experiencia profesional segundo os seguintes criterios ata un máximo de 20 puntos.

No suposto de relacións laborais ou de servizo de carácter parcial, o cómputo do tempo da concreta relación laboral será a que apareza sinalada no Informe de Vida Laboral.

- a) Desempeñar ou ter desempeñado a/o praza/posto/emprego ou similar a/o que se convoca, ou realizar as funcións deste, na Administración Pública, ou organismos autónomos de carácter administrativo dependentes desta, como persoal funcionario ou contratado laboral.**
 - No caso de que se desempeñe a mesma praza/posto/emprego, valorarase a razón de 0,35 puntos por mes.**
 - Se a praza/posto/función se considera similar, a puntuación será de 0,25 puntos por mes. Entenderase por posto similar aquel que conteña algunha das funcións do posto que se convoca ou funcións similares dentro dunha área de actividade, escala ou subescala.**

- b) Cando a experiencia profesional acreditada fose desempeñada en Entidades Privadas:**
 - No caso de que se desempeñe a mesma praza/posto/emprego, valorarase a razón de 0,25 puntos por mes.**
 - Se a praza/posto/función se considera similar, a puntuación será de 0,15 puntos por mes. Entenderase por posto similar aquel que conteña algunha das funcións do posto que se convoca ou funcións**



similares dentro dunha área de actividade, escala ou subescala na que se encadre.

B) Formación: Valorarase ata un máximo de 10 puntos.

B1) Cursos, xornadas, seminarios, congresos e similares relacionadas coas funcións da posto/función á que se opta:

Valoraranse segundo a seguinte táboa:

TIPO DE CURSOS	PUNTUACIÓN POR HORA
Asistencia.	0,035
Aproveitamento.	0,070

A puntuación máxima neste apartado será de 8 puntos.

Non se terán en conta as asignaturas ou materias aprobadas que formen parte de titulacións académicas, incluídos os master oficiais e master e cursos impartidos polas Universidades baixo a denominación de títulos propios.

B2) Titulacións académicas:

A puntuación máxima neste apartado será de 2 puntos.

As titulacións académicas, incluídos os master oficiais, sempre que o Tribunal considere que están relacionados coas funcións da praza valoraranse a razón de 0,50 puntos por titulación.

C) Baremo específico.

De conformidade co establecido na cláusula sétima do Convenio de colaboración tipo entre a Excm. Deputación de Lugo e O Concello de O Valadouro para a execución de obras, servizos e creación de emprego ao abeiro do “PROGRAMA DEPUEMPREGO” inclúese o seguinte baremo de puntuación específico que terá unha puntuación máxima de 10 puntos:

A) TEMPO DE PERMANENCIA EN SITUACIÓN DE DESEMPREGO. Por cada seis meses ininterrompidos: 0,5 puntos. Máximo 5 puntos.

Para acreditar esta situación achegarase fotocopias compulsadas das certificacións do Servizo Público de Emprego nas que conste a antigüidade como demandante de emprego sen interrupción.



B) IDADE:

- Por ser o aspirante menor de 30 anos ou maior de 45 anos e atoparse en situación de desemprego: 2,5 puntos.

Para acreditar a situación da idade achegarase fotocopia compulsada do DNI, pasaporte, documento oficial no que conste a idade ou data de nacemento e tarxeta de residente no territorio español.

C) POR SER O/A ASPIRANTE BENEFICIARIO DE RENDA DE INTEGRACIÓN SOCIAL DE GALICIA (RISGA): 2,5 puntos.

Para acreditar esta situación achegarase Resolución da Consellería de Traballo e Benestar Social.

10.- TEMARIO.

A) MATERIAS COMÚNS.

Tema 1.- A Administración Local.- O persoal ao servizo da Administración Local. Clases. O Concello do Valadouro. Órganos de decisión colexiados e unipersonais. As parroquias do Concello do Valadouro.

B) MATERIAS ESPECÍFICAS.

Tema 2.- Sinalización viaria en materia de obras. Seguridade e hixiene no traballo.

Tema 3.- Pequena maquinaria de uso común nas labores habituais de xardinería. A súa descrición e manexo.

Tema 4.- Traballos de mantemento de vías públicas. Reparación de pavimentos. Retirada e colocación de mobiliario urbano. Extracción e reposición de pavimentos. Excavación manual e con máquinas de terras. Construcción de arquetas e imbornais de saneamento. Construcións de vados para paso de peóns. Recrecido de calzadas para o paso de peóns.

Tema 5.- Normas básicas de mantemento mecánico do parque de vehículos empregado no mantemento da rede viaria.

ANEXO I DAS BASES ESPECÍFICAS DOS PROCESOS SELECTIVOS CONVOCADOS AO ABEIRO DO “PROGRAMA DEPUEMPREGO”. POSTO OPERARIO-CONDUTOR SERVIZO MANTEMENTO VIAS MUNICIPAIS.

Situacións que deberán ser acreditados documentalmente segundo se sinala nas bases específicas en relación con o baremo de puntuación específico establecido



de conformidade co establecido na cláusula sétima do Convenio de colaboración tipo entre a Exma. Deputación de Lugo e o Concello de O Valadouro para a execución de obras, servizos e creación de emprego ao abeiro do "PROGRAMA DEPUEMPREGO"

A) TEMPO DE PERMANENCIA EN SITUACIÓN DE DESEMPREGO

0,5 por cada seis meses ininterrompidos. Máximo 4,5 puntos

N.º de meses:

Puntuación:

Total:

Esta situación acreditarase mediante fotocopias compulsadas das certificacións do Servizo Público de Emprego nas que conste a antigüidade como demandante de emprego sen interrupción.

B) IDADE

Por ser o aspirante menor de 30 anos ou maior de 45 anos e atoparse en SI

situación de desemprego: 2 puntos

NO

Para acreditar a situación da idade achegarase fotocopia compulsada do DNI, pasaporte, documento oficial no que conste a idade ou data de nacemento e tarxeta de residente no territorio español.

C) POR SER O/A ASPIRANTE BENEFICIARIO DE RENDA DE INTEGRACIÓN SOCIAL DE GALICIA (RISGA)

2 puntos

SI NO

Esta situación acreditarase achegando Resolución da Consellería de Traballo e Benestar Social.

TOTAL PUNTUACIÓN DO BAREMO ESTABLECIDO EN CONFORMIDADE CO ESTABLECIDO NA CLÁUSULA SÉTIMA DO CONVENIO DO DEPUEMPREGO

MÁXIMO DE PUNTUACIÓN DO BAREMO: 10 PUNTOS

PUNTUACIÓN DO ASPIRANTE:

O Valadouro, de de 2017

AO ALCALDE DO CONCELLO DO VALADOURO (LUGO)

De conformidade co establecido na Base 4.2 das Bases Xerais polas que se establecen as normas para a selección de persoal, de carácter temporal, para prestar servizos ao Concello de O Valadouro (cota xeral ou cota de discapacitados) ábrese un prazo de presentación de



solicitudes de 10 días naturais contados dende o día seguinte ó da publicación da presente convocatoria no Boletín Oficial da Provincia.

Contra o presente acordo, que pon fin á vía administrativa, pódese interpor alternativamente ou recurso de reposición potestativo, no prazo dun mes a contar desde o día seguinte á publicación do presente anuncio, ante a Alcaldía deste Concello de O Valadouro, de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións públicas, ou recurso contencioso-administrativo, ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo, no prazo de dous meses a contar desde o día seguinte á publicación do presente anuncio, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso-Administrativa. Se se optase por interpor o recurso de reposición potestativo, non poderá interpor recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produciu a súa desestimación por silencio. Todo iso sen prexuízo de que poida exercitar calquera outro recurso que estime pertinente.

O Valadouro a 16 de marzo de 2017.

O Alcalde-Presidente.

Asdo. Edmundo Maseda Maseda.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRÓNICAMENTE Á MARXE.